

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 56

ano 9

xaneiro-febreiro 2015

Os arquivos dos conventos de mendicantes


Ourense foi a cidade galega con menor presenza de relixiosos mendicantes. Os **franciscanos** establecéronse xa a mediados do século XIII, pero con dificultades iniciais que lles obrigaron a abandonar a cidade por uns anos ata o seu retorno definitivo a principios do XIV. Dende entón foron a única orde mendicante instalada na cidade ata que se asentan os **dominicos** na primeira metade do século XVII.

Entre a documentación procedente do **Convento de San Domingos de Ourense** que se conserva no Arquivo Histórico Provincial encóntranse algúns papeis relativos á súa fundación, como o que protagoniza este número de *Fron da*. Neles nárnanse as vicisitudes que a rodearon e se transcriben as últimas vontades do fundador. Segundo se relata, a iniciativa partiu de **Diego Rodríguez de Araujo**, un rico indiano oriúndo da vila de Celanova (Ourense) residente na cidade de **Potosí** (Virreinato do Perú). En xullo de 1607, prostrado no seu leito de morte, outorgou un testamento no que legaba uns **130.000 ducados** para a creación do novo convento ourensán.

Numerosas complicacións atrasaron o cumprimento da vontade do fundador, entre elas a oposición dos franciscanos a que se instalase outra casa mendicante na cidade. Ata **1641** non se puido comprar o terreo e as obras non comezaron ata 1643. Por se fose pouco, a maior parte da fortuna destinada á creación do convento perdeuse no longo traxecto percorrido dende o Virreinato do Perú durante os anos que transcorreron dende a morte de Araujo. A Ourense só chegaron **4.000 ducados** cos que se comprou o terreo da rúa da Correioira, extras muros da cidade, na que se comezou a construír unha igrexa e un convento moi modestos. Pronto se rematou o diñeiro e foron necesarias novas doazóns para rematar as obras. A igrexa non foi consagrada ata principios de 1666.

Polos seus limitados recursos o convento ourensán nunca puido soste r moitos frades. A mediados do século XVIII só profesaban nel trece relixiosos. Aínda así, chegou a contar con cátedras de Filosofía e Moral. Tras a **Desamortización** do século XIX a igrexa converteuse en parroquial (Santa Eufemia a Real do Norte) e ao edificio conventual déronse diversos destinos (escolas, salas da Deputación Provincial, Hospicio, Es-

cola Normal, Audiencia Provincial...) ata que, ruinoso, foi demolido a principios do século XX para construír no seu soar a Delegación Provincial de Facenda. Na cidade de Ourense permanece o recordo da presenza dominica a través do seu templo e no nome da rúa (San Domingos) na que se encontra encravado.



Sen data. [Ourense]

Relato da fundación do Convento de San Domingos de Ourense.

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 21 x 29 cm.

AHPou. Convento de San Domingos de Ourense, caixa 9969

Os mendicantes en Galicia e Ourense

O **espertar urbano** baixomedieval coincidiu coa implantación das ordes mendicantes en vilas e cidades europeas dende principios do século XIII. Nelas atoparon un ambiente favorable para establecerse. O modo de vida dos frades mendicantes contrastaba co dos monxes beneditinos e cistercienses que habitaban, apartados do trato cos laicos, na clausura dos seus grandes e opulentos mosteiros rurais. Fronte a isto, os frades mantiñáanse en constante contacto coa xente a través da **predicación** e, fieis á pobreza evanxélica, subsistían con humildade do que obtiñan de encargos de misas e mendigando **esmolas**. De aí procede o cualificativo de mendicantes. Por todo isto a sociedade urbana identificábase moito máis con eles que cos monxes dos mosteiros o que lles outorgaba moita máis influencia relixiosa sobre a sociedade.



Doazón outorgada por Álvaro Páez Sobreira e os seus irmáns, veciños de Lebosende, ao Convento de San Domingos de Ribadavia (ano 1454) AHPOu, Convento de San Domingos de Ribadavia, Carp. 17/9

Durante a Baixa Idade Media (séculos XIII-XV) os seus conventos convertéronse nun elemento inherente ao mundo urbano e os seus templos, construídos en novidoso **estilo gótico**, pasaron a ser os preferidos pola nobreza e pola nacente burguesía como lugar de sepultura. Pola súa parte, as casas das ramas mendicantes femininas, clarisas e dominicas, foron o destino vital de moitas doncelas nobres.

Os frades mendicantes situáronse baixo a dependencia directa do **papado** que se apoiou neles para reforzar a súa autoridade. O pontífice atopou nestas novas ordes relixiosas un instrumento eficaz para combater a herexía e para controlar a actividade teolóxica e filosófica que florecía nunha época de renacemento intelectual.

Na segunda e terceira década do século XIII documéntase a presenza de franciscanos e dominicos en **Santiago de Compostela** dende onde se expandiron por toda Galicia. Malia esta aparición temperá, os mendicantes tiveron moita máis implantación no resto da Coroa de Castela xa que nos séculos posteriores se asentaron outras ordes que terán escasa ou nula presenza no noroeste peninsular: carmelitas, capuchinos, xerónimos.... O establecemento dos mendicantes no territorio da actual **provincia de Ourense** foi máis tardío e fundáronse menos casas debido ao seu menor grao de urbanización.

Os **franciscanos**, con catro conventos, foron os que

congregaron maior número de frades nesta provincia. A mediados do século XIII documéntanse na cidade de Ourense e a finais desa centuria a súa rama feminina, as **clarisas**, fundan convento en Allariz. Durante o século XIV xa se atopan en Ribadavia e Monterrei e en 1529 crean o convento da Limia (Trandeiras).

Os **dominicos** establecéronse na vila de Ribadavia na segunda metade do século XIII e, como vimos, non conseguiron asentarse na cidade de Ourense ata mediados do XVII. Os **mercedarios** instaláronse en Monterrei en 1484, se ben posteriormente trasladaron o convento a Verín. Moi serodiamamente asentáronse os **trinitarios** en San Pedro de Correxais (1727).

Algúns conventos composteláns, leoneses e lucenses tamén contaron con **granxas** en territorio ourensán (San Domingos de Santiago e Lugo, Santa María de Belvís...) polo que, como veremos, xeraron documentación relativa a ese territorio.

Os fondos documentais das ordes mendicantes no AHPOu

Os fondos procedentes dos conventos mendicantes mencionados que se conservan no **Arquivo Histórico Provincial de Ourense** (AHPOu) son fragmentarios e de pouco volume. A maior parte dos documentos están relacionados coa titularidade e xestión do patrimonio rústico e cobramento das rendas que este producía (libros de foros, apeos, rateos, memoriais de bens e memoriais cobradores ...) e coa percepción doutros ingresos como fundacións de misas ou venda de hábitos.

A documentación procedente dos conventos ourensáns da **orde franciscana** (Allariz, Ourense, Ribadavia e Trandeiras) é a máis voluminosa (14 caixas, 124 libros e 70 pergamiños) xa que suma case tres cuartas partes do total dos fondos dos mendicantes. Comprende un período que abarca dende 1244 a 1835 e máis do 90% desta documentación corresponde ao fondo de Santa Clara de Allariz.

Os fondos dos **dominicos** de Ourense e Ribadavia (24 caixas, 15 libros e 20 pergamiños), cunha cronoloxía que vai de 1288 a 1836, só suman o 21% da documentación dos mendicantes. O 4% restante corresponde ao convento dos **mercedarios** de Verín, con datas comprendidas entre 1438 e 1834, e ao convento de **trinitarios** de Correxais do que só fica unha caixa con papeis datados entre 1707 e 1835.

Ademais consérvase algunha documentación de conventos situados fóra da provincia de Ourense referidos a rendas que esas casas percibían nas **granxas** radicadas neste territorio. Trátase na súa maioría de conventos de Santiago de Compostela: Santo Agostiño, Santa Clara e San Domingos e Belvís. Ademais consérvanse algúns documentos dos conventos de San Domingos de Lugo, Sancti Spiritus de Melide (franciscanos) e dos mercedarios de Conxo.